

|   |                                 |  |
|---|---------------------------------|--|
| <i>Dependencia</i><br>CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servizos<br>64.- SPELO |                                 |  |
| <i>Documento</i><br>CON1110T8   | <i>Expediente</i><br>CON/6/2017 |  |



### ACTA DA 1ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

**LICITACIÓN:** Servizo de conservación e mantemento do cemiterio municipal de Santiago de Compostela.

**TIPO DE LICITACIÓN:** 122.190 euros/ano máis IVE. **PROCEDIMENTO:** Aberto.

**LUGAR, DATA E HORA:** Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 27 de xuño de 2016, ás 9:00 horas.

#### **ASISTENTES:**

**Presidente:** D. Xan Duro Fernández.

**Vogais:** D. Alejandro Sánchez-Brunete, representante do grupo PP.  
D. Gonzalo Muíños, representante do grupo PSOE.  
D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.  
D. Luis Alberto López García, inspector técnico de servizos.  
Dna. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.  
D. Xaquín Monteagudo Romero, Director da asesoría xurídica municipal.

**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Tamén asisten: D. Alberto Domínguez, en representación de FUNERARIA TANATORIO APOSTOL SANTIAGO, SL.,

#### **OFERTAS PRESENTADAS:**

| NÚMERO DE ORDE | DATA DE PRESENTACIÓN | NÚMERO DE REXISTRO | NOME DO LICITADOR                                    |
|----------------|----------------------|--------------------|--|
| 1              | 19-06-2017           | 28.931             | B15657901 FUNERARIA TANATORIO APOSTOL SANTIAGO, S.L. |

*\*Proposición recibida por correo*

A mesa de contratación procede á verificación da presentación, por parte dos licitadores, da declaración responsable acreditativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa administración, resultando que o único licitador presentado aporta a mencionada declaración.

A continuación a Mesa de Contratación procede á apertura pública do sobre que contén os criterios de adjudicación NON avaliábles mediante cifras ou porcentaxes resultando que se axusta os requirimentos formais do prego de aplicación.

A mesa acorda o traslado desta documentación ós técnicos municipais ós efectos de realizar o informe valorativo e os cálculos das puntuacións correspondentes sobre os devanditos criterios NON avaliábles mediante cifras.

Ás 9:10 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE  
O PRESIDENTE DA MESA**



|   |                          |  |
|---|--------------------------|--|
| Dependencia<br>CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios<br>64.- SPELO |                          |  |
| Documento<br>CON1110T8  | Expediente<br>CON/6/2017 |  |



## ACTA DA 2ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

**LICITACIÓN:** Servizo de conservación e mantemento do cemiterio municipal de Santiago de Compostela.

**TIPO DE LICITACIÓN:** 122.190 euros/ano máis IVE. **PROCEDEMENTO:** Aberto.

**LUGAR, DATA E HORA:** Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 6 de xullo de 2017, ás 9:43 horas.

### **ASISTENTES:**

**Presidente:** D. Xan Duro Fernández

**Vogais:** D. Alejandro Sánchez-Brunete, representante do grupo PP.  
D. Gonzalo Muiños, representante do grupo PSOE.  
Dna. Goretti Sanmartín, representante do grupo BNG.  
D. Luis Alberto López García, inspector técnico de servizos.  
Dna. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.  
Dna. María Luisa Prego de Oliver López, en representación da asesoría xurídica municipal

**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

A Mesa de Contratación procede ó exame do informe valorativo realizado polos técnicos municipais sobre os criterios de adjudicación NON avaliados mediante cifras ou porcentaxes no que se da conta da puntuación acadada polo único licitador presentado e se poñen de manifesto ós presentes na reunión. Este informe acompáñase á presente acta.

A continuación procédese á apertura do sobre que contén a documentación xustificativa dos criterios de adjudicación avaliados mediante cifras, que ten como resultado o seguinte:

| Nº DE ORDE | NOME DO LICITADOR                                    | PREZO OFERTADO (euros IVA excluído) |
|------------|--|-------------------------------------|
| 1          | B15657901 FUNERARIA TANATORIO APOSTOL SANTIAGO, S.L. | 117.000                             |

Así mesmo, ofrece tamén un prezo de 1.080 euros para a construción de sepulturas baixo terra e a asunción dos gastos de dez inhumacións por beneficencia.

En consecuencia, a mesa de contratación, **ACORDA:**

Trasladar á concelleira delegada de economía, facenda e administración o resultado desta licitación, ós efectos de que, dentro das súas competencias, resolva requirir ó licitador **FUNERARIA TANATORIO APOSTOL SANTIAGO SL**, que acadou a máxima puntuación no procedemento e oferta un importe de **117.000 euros** IVE aparte, para que dentro do prazo de 10 días hábiles a contar desde o día seguinte ó da recepción do requirimento, acredite contar coa esixible solvencia técnica e económica, coa necesaria capacidade de obrar, e xustifique documentalmente estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e proceda ó aboamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes.

Ás 9.50 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE  
O PRESIDENTE DA MESA



O SECRETARIO DA MESA

|  |                                 |  |
|--|---------------------------------|--|
| <i>Dependencia</i><br>CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios<br>64.- SPELO |                                 |  |
| <i>Documento</i><br>CON1110T8  | <i>Expediente</i><br>CON/6/2017 |  |



### **ACTA DA 3ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN**

**LICITACIÓN:** Servizo de conservación e mantemento do cemiterio municipal de Santiago de Compostela.

**TIPO DE LICITACIÓN:** 122.190 euros/ano máis IVE.

**PROCEDEMENTO:** Aberto.

**LUGAR, DATA E HORA:** Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 18 de xullo de 2017, ás 8.30 horas.

#### **ASISTENTES:**

**Presidente:** D. Xan Duro Fernández.

**Vogais:** D. Gonzalo Muíños, representante do grupo PSOE.  
D. Luis Alberto López García, inspector técnico de servizos.  
Dna. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.  
Dna. María Luisa Prego de Oliver López, en representación da asesoría xurídica municipal.

**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Os membros da mesa de contratación, logo de analizar a documentación acreditativa da solvencia económica e técnica así como da capacidade de obrar presentada polo licitador proposto como adxudicatario, **FUNERARIA TANATORIO APOSTOL SANTIAGO SL**, consideran acreditada a mesma, e polo tanto ratifican a proposta de adxudicación acordada na anterior sesión desta mesa de contratación a favor do mencionado licitador.

Ás 8.40 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE  
O PRESIDENTE DA MESA**

**O SECRETARIO DA MESA**

